

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar ordinario celebrado o mércores, 14 de maio de 2025, ás 11:10 horas, na aula 5 deste instituto, co obxecto de tratar os asuntos da seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.
2. Resultados académicos da segunda avaliación.
3. Informe de convivencia.
4. Rogos e preguntas.

Preside a reunión a xefa de estudos do centro, Concepción Pérez, e asisten as persoas que figuran na folia que se achega.

1. Sométese á aprobación do consello o contido das actas das últimas reunións. Apróbanse por unanimidade.
2. A xefa de estudos, Concepción Pérez, toma a palabra para comentar os resultados académicos da primeira avaliación. Apoia as súas explicacións cuns gráficos que se achégan a esta acta.

Os resultados son similares aos da primeira avaliación, incluso nalgún curso melloran, como no caso de terceiro da ESO e de segundo de bacharelato. Tamén son datos similares á segunda avaliación doutros cursos lectivos anteriores, aínda que estes resultados dependen moito da promoción e adoitan manterse. Cando un curso funciona ben, faino en primeiro, segundo, terceiro...

Conchi mostra os resultados dos grupos de PDC. En terceiro son resultados mellores ca na primeira avaliación, xa que aprobaron todas as materias un 40% do alumnado. En cuarto os resultados son un pouco peores, pero xa algunha materia está recuperada. Estes cursos, que imparten varias materias en ámbitos e teñen pouco alumnado, funcionan moi ben.

Conchi comenta os resultados obtidos na materia de matemáticas impartida polo profesor Marino Campos, os cales foron motivo de preocupación na primeira avaliación. Os resultados melloraron tanto en terceiro coma en cuarto da ESO e poden seguir mellorando. O profesor fixo cambios, coma exercicios de reforzo e máis atención ás dúbidas do alumnado.

Víctor Rodríguez, director do centro, toma a palabra para explicar que o profesor respondeu as peticións do equipo directivo. Está aplicando na aula o traballo colaborativo, insistindo nos contidos mínimos, etc.

Gloria, coma titora de cuarto, comenta que mira o seu alumnado máis animado e ilusionado nesta materia.

Manuel Jesús De la Fuente, como pai, agradece o esforzo da mediación e relata que nota unha melloría no seu fillo nesta materia, e un cambio no profesor.

Xiana, como alumna, conta que as probas son máis fáciles e o profesor preocúpase por resolver as dúbidas do alumnado.

Xosé Pérez reflexiona sobre o nivel nas materias procedimentais, en xeral, que o alumnado trae de primaria. Cada vez é máis baixo e deberíase coordinar cos centros adscritos uns niveis mínimos.

Coméntase no consello que o método ABN nas matemáticas que siguen algúns colexios de primaria fai que algúns alumnos ao chegar á ESO e pasar ao método tradicional teñan problemas de adaptación.

Conchi explica que pronto van ir Víctor e máis ela a visitar os colexios de primaria e intentarán falar deste tema con eles.

3. Conchi mostra un diagrama co número de faltas de orde por cursos. Aumentaron as faltas de orde en primeiro da ESO B e C e a maioría delas débense a dous alumnos concretos. Un deles non consegue estar na clase sen interromper e por iso o profesorado o envía fóra, polo ben do resto do alumnado. É un alumno que require moita atención e precisa que un profesor estea en exclusiva para atendelo.

A xefa de estudos analiza as expulsións desta primeira avaliación: Foron 18, das cales 7 foron por faltas de respecto ao profesorado e 3 por pelexas, as cales non están admitidas no centro, e 2 por gravar vídeos.

Tras esta intervención, sen rogos nin preguntas, dáse por rematada a sesión ás 11:40.

En Vigo, a 14 de maio de 2025

O director

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz

